

Composición de texto 6: **PRIMEIRA REPÚBLICA**

Doc. 1 Discurso de Castelar nas Cortes na véspera da proclamación da República.

"Señores deputados, aquí o partido republicano non reivindica a gloria que sería para el ter destruído a Monarquía. (...) Non, ninguén destruíu a Monarquía en España; ninguén a matou. Eu, que tanto contribuí a que este momento viñese, eu debo dicir que non sinto na miña conciencia, non, o mérito de ter concluído coa Monarquía. Señores, con Fernando VII morreu a Monarquía tradicional; coa fuga de dona Isabel II, a Monarquía parlamentaria; coa renuncia de don Amadeo de Savoia, a Monarquía democrática; ninguén acabou con ela; morreu por si mesma".

Doc. 2 proxecto de Constitución federal da república española, 17 de xuño de 1873

"A nación española, reunida en Cortes Constituíntes (...) decreta e sanciona (...)

Art. 34. O exercicio de todos os cultos é libre en España-

Art. 35. Queda separada a Igrexa do Estado.

Art. 36. Queda prohibido á Nación ou ó Estado federal, ós Estados rexionais e ós Municipios subvencionar directa ou indirectamente ningún culto (...)

Art. 39. A forma de goberno da Nación española é a República federal (...)

Art. 42. A soberanía reside en todos os cidadáns, e exerceuse en representación súa polos organismos políticos da República constituída por medio do sufraxio universal.

Art. 43. Estes organismos son: O Municipio. O Estado rexional. O Estado federal ou nación.

Art. 50. As Cortes compoñeranse de dous corpos: Congreso e Senado (...)

Art. 92. Os Estados teñen completa autonomía económico-administrativa e toda a autonomía política compatible coa existencia da Nación.

Art. 93. Os Estados teñen a facultade de darse unha Constitución política, que non poderá en ningún caso contradicir á presente Constitución.

Art. 94. Os Estados nomean ós seus Gobernos respectivos e ás súas asembleas lexislativas por sufraxio universal.

Art. 96. Os Estados rexerán a súa política propia, súa industria, súa facenda, súas obras públicas, seus camiños rexionais, súa beneficencia, súa instrución e todos os asuntos civís e sociais que non fosen por esta Constitución remitidos ó Poder federal.

Art. 101. Os Estados non poderán manter máis forza pública que a necesaria para a súa política e seguridade interior. A paz xeral dos Estados háxase garantida pola Federación, e os poderes federais poderán distribuír a forza nacional ó seu arbitrio, sen necesidade de pedir consentimento algún ós Estados (...).

Doc. 3. Manifesto da Xunta Revolucionaria de Cartagena, 12 de xullo de 1873

"Cartexereros: Os que pola vontade da maioría do pobo republicano desta localidade constituímos a Xunta de Saúde Pública da mesma, temos de deber imprescindible de facer unha declaración (...) dos nosos principios.

Proclamada como forma do goberno para España a República Federal, o pobo republicano, na súa inmensa maioría reclamaba, (...) que se organizase a Federación establecendo inmediatamente a división rexional dos cantóns e dando e estes e ó municipio a autonomía suspirada.

A Xunta de Saúde Pública vén a atender a tan sagrados intereses... Viva a República Federal! Viva a soberanía do pobo!".

Doc. 4. O Programa de goberno do xeneral SERRANO (Manifesto á nación, 8 de xaneiro de 1874)

O poder executivo, que nestas circunstancias anormais resumiu en si toda a autoridade política e revestíuse de facultades extraordinarias, crese non imprescindible deber de dirixirse á nación para explicar a súa orixe, xustificar a actitude e expor leal e sinceramente os seus propósitos,

A orde social, a integridade da patria, a súa honra, a vida mesma, foron salvados por un arranque de enerxía. (...) Reunidos e consultados os homes de importancia que residen en Madrid e representan dignamente todos os partidos liberais, aclamaron e recoñeceron o xeneral Serrano por xefe do poder executivo. Mentres (...) segan alzados os carlistas nas provincias do norte(...); mentres o pendón antinacional siga en pé en Cartaxena (...) e mentres nas provincias de ultramar arda a tea da discordia (...), é imposible o exercicio de todas as liberdades. Por iso cómpre un poder robusto (...) que estamos dispostos a exercer con espírito firme (...). Unha vez vencida, como esperamos, a anarquía material e moral que hoxe nos devora (...) volverá a Constitución de 1869 dar ó pobo todos os dereitos que nela se consignan.

Doc. 5. Manifesto de Alfonso de Borbón á nación española (Manifesto de Sandhurst, 1 – 12 - 1874)

Por virtude da espontánea e solemne abdicación da miña augusta nai, tan xenerosa como infortunada, son o único representante do dereito monárquico en España. Arranca este dunha lexislación secular, confirmada por todos os precedentes históricos, e está indubidablemente unida ás institucións representativas, que nunca deixaron de funcionar legalmente durante os trinta e cinco anos transcorridos desde que comezou o reinado da miña nai ata que, aínda neno, pisei con todos os meus o chan estranxeiro.

Orfa a nación agora de todo dereito público e indefinidamente privada das súas liberdades, é natural que volva os ollos ó seu acostumado dereito constitucional (...).

Por todo isto, sen dúbida, o único que inspira xa confianza en España é unha monarquía hereditaria e representativa, mirándoa como insubstituíble garantía dos seus dereitos e intereses desde as clases obreiras ata as máis elevadas. (...) Pola miña parte, debo ó infortunio estar en contacto cos homes e as cousas da Europa moderna, e se nela non alcanza España unha posición digna da súa historia (...) culpa miña non será nin agora nin nunca. Sexa a que sexa a miña propia sorte, nin deixarei de ser bo español, nin, como todos os meus antepasados, bo católico, nin, como home do século, verdadeiramente liberal.